

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*ANUNCIO do 29 de agosto de 2024 polo que se fai pública a resolución pola que se declara deserta a bolsa de formación práctica para a xestión de procesos de avaliación e calidade.*

Mediante a Resolución da dirección da Escola Galega de Administración Pública do 6 de maio de 2024 (DOG núm. 97, do 21 de maio) convocouse unha bolsa de formación práctica para a xestión de procesos de avaliación e calidade.

O prazo de presentación de solicitudes establecido na base cuarta foi dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Nese prazo non se presentou ningunha candidatura.

De acordo co establecido na base décimo terceira da convocatoria, no caso de non se presentaren solicitudes, a convocatoria será declarada deserta.

De acordo co exposto e coa obriga de publicidade recollida na dita base décimo terceira, faise pública a Resolución da dirección da Escola Galega de Administración Pública, do 28 de agosto de 2024, pola que se declara deserta a bolsa de formación práctica para a xestión de procesos de avaliación e calidade.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a dirección da Escola Galega de Administración Pública, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, cabe a interposición directa dun recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo que resulten competentes, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da dita notificación ou publicación, de conformidade co establecido nos artigos 8.2.a) e 14 e 46.1, respectivamente, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2024

A directora da Escola Galega de Administración Pública  
P.D. (Resolución do 17.12.2007, DOG núm. 3, do 2.1.2008)  
Beatriz Simón Cuesta  
Secretaría xeral da Escola Galega de Administración Pública

